

MANUAL DE USO RÁPIDO DE ABALARMOBIL

abalarMobil é unha aplicación da Consellería de Educación que permite ás familias consultar a información dos seus fillos/as a través do teléfono móbil.

1.Descargar a Aplicación dende o PlayStore (se o sistema operativo do teléfono é android) ou dende Apple Store (se o sistema operativo é IOS).

2. Realizar o rexistro creando o usuario e contrasinal para poder acceder (só é preciso facelo a primeira vez) seguindo os pasos das seguintes imaxes:



1 O primeiro que terá que facer será introducir o seu número de teléfono e premer en "Enviar"

2 A continuación recibirá unha mensaxe cun código que terá que introducir na seguinte pantalla e premer en "Enviar Código"

3 A continuación aparece unha nova pantalla na que se solicita un contrasinal, que será o que utilizará para acceder á aplicación. Deberá escribilo nos dous recadros e premer en "Aceptar"

4 Xa ten o seu proceso de rexistro completado. A continuación premea en "Continuar"

IMPORTANTE: o número de teléfono dende o que instala a aplicación debe ser algún dos que facilitaron no colexio e que temos na base de datos!!!

A partir deste momento, cada vez que se acceda a abalarMobil, deberá introducir o contrasinal elixido.

3. Seleccionar ao fillo/a: unha vez autenticado, accede ao seu perfil, onde poderá seleccionar o alumno/a sobre o que desexa facer a consulta



4. "Datos" Por último, unha vez acceda aparecerán os datos do alumno/a. Se pinchamos nas tres raias de arriba á esquerda, poderemos acceder ao menú e seleccionar, entre outras cousas, **calificacións** e poderemos ver as notas do noso fillo ou filla.

Dende o apartado "Datos persoais" accede á pantalla descrita anteriormente na que aparecen o número de expediente, DNI, dirección, teléfono de contacto e centro educativo no que está matriculado.



Dende o apartado "Calificacións" pode consultar as materias cursadas polo alumno e as cualificacións obtidas en cada unha delas nas diferentes avaliacións (só se mostrarán as materias nas que existan cualificacións).



Esta é unha das moitas funcións do Abalar Móbil, adxunto a este manual poderase descargar o **manual íntegro** para ver todas as súas funcións, aínda que por agora no centro só imos habilitar esa. **Máis adiante iremos habilitando novas funcións polo que será a aplicación que nos acompañe en tempos próximos**.**



CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E F.P.
C.E.I.P. "NOSA SEÑORA DOS REMEDIOS"
Rúa Azorín, s/n – Teléfono 886 110 532 – 36860 PONTEAREAS
<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipnosasenoraremedios>
correo e-: ceip.nosasenora.remedios@edu.xunta.es



** As familias que descarguen abalarMóbil van poder dispoñer das seguintes funcionalidades (proximamente):

- Acceder aos datos persoais
- Consultar as cualificacións
- Consultar e xustificar as faltas de asistencia
- Consultar as faltas de conduta
- Solicitar unha cita de tutoría
- Consultar os datos do centro educativo
- Consultar os avisos ou notificacións por parte do profesorado ou do centro educativo.
- Consultar as incidencias creadas polo profesorado
- Modificar o idioma da aplicación

* Acceder á mensaxería de abalarMóbil, que é unha nova funcionalidade que ten como obxectivo facilitar a comunicación entre o centro e os responsables do alumnado, ou entre o profesorado e este.